

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ANPA BARRIONOVO DA EEI BARRIONOVO PARA A XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR – ANO 2023

Dunha parte, Dona Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, que actúa en nome e representación do Concello de Arteixo.

Doutra parte, Don Pablo Mariño Varela, con DNI 79312035P en calidade de presidente da ANPA Barrionovo.

Comparecen de mutuo acordo ante o Secretario Xeral, para dar fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente a plena capacidade xurídica e de obrar na representación que ostentan e, polo tanto, para o outorgamento do presente convenio de colaboración.

Tendo en conta a vontade das partes por establecer liñas de colaboración

EXPOÑEN

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, de 18 de abril, do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local, O Concello de Arteixo ten plena capacidade para obrigarse.

En virtude do estipulado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Arteixo está legalmente apoderado para a planificación das súas respectivas áreas municipais promovendo toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as demandas e aspiracións dos seus veciños no seu ámbito. No artigo 4 fai mención das competencias que lle corresponden ás administracións municipais atribuíndo, entre outras, as potestades regulamentarias e de autoorganización, de programación ou planificación.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a través do artigo 2, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indica que se debe asegurar ós Concellos (entre outras administracións) o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses para o que se lles atribúe competencias que lles permitan a atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local para o cumprimento dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, faculta aos concellos, entre outras opcións, á utilización dos centros escolares fóra do horario lectivo (disposición adicional 15) e a desenvolver accións de carácter compensatorio (artigo 80). Ademais, define as obrigas da administración educativa en relación cos servizos educativos complementarios, entre os que están os comedores escolares e servizos complementarios de conciliación.

O Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como competencia da

propia Administración Autonómica. Non obstante, no mesmo Decreto, no seu artigo 2.1, prevese a colaboración da Administración Educativa coas asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos cando estas asuman a xestión e organización do comedor escolar a través de financiación específica.

A lexislación indicada (Decreto 132/2013), especifica que o servizo de comedor inclúe os servizos de xantar e de atención ós usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior e que se fomentarán os programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

Nos centros de ensino infantil e primario do termo municipal, as ANPAS son as responsables da xestión e coordinación dos servizos de comedor. E desde a entidade municipal diséñase a colaboración coas asociacións de nais e pais coa finalidade de complementar as accións que se deben levar a cabo e que supoñen o cumprimento do establecido na regulación autonómica para o desenvolvemento dos programas incluídos (saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais).

A colaboración definirase a través da cofinanciación de gastos derivados da posta en marcha de medidas que permitan o cumprimento da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e, especialmente, no relativo a apoios para a protección e a integración dos membros das familias que redunden nunha óptima oferta de servizos que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral. É dicir, os comedores escolares planifícanse máis aló da función básica de alimentación e nutrición, convertíndose en apoios á unidade familiar.

Todo o exposto, ademais, susténtase no estipulado na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, modificada pola Lei 8/2016 de 8 de xullo, na que se establece a facultade municipal de colaborar no fomento de servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, entendendo que os servizos complementarios do comedor son abordados de forma transversal polo organismo municipal.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais e existindo consignación presupostaria para a concesión de subvencións nominativas a favor das ANPAS para a xestión dos comedores escolares para o ano 2023.

Considerando, pois, a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 320.48900.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

- a) A entrega faise sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) A entrega está suxeita ó cumprimento do obxectivo, proxecto ou actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.

c) As accións financiadas teñen por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Verificado o carácter excepcional e específico das ANPAS debido á súa especificidade de funcións no relativo á xestión e organización dos comedores escolares, fai que se cumpra a idoneidade do convenio que xustifica a exclusión da concurrencia competitiva,

Por todo o exposto, establécese a regulamentación a través das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

É obxecto do presente convenio a regulamentación da colaboración entre o Concello de Arteixo e a ANPA Barrionovo da EEI Barrionovo para a xestión do comedor escolar e outros servizos de conciliación do centro de ensino indicado no período 2023.

SEGUNDA: Obrigas do beneficiario

Son obrigas da ANPA todas as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar as actividades ou actuacións que dan lugar á concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión de axuda.
- c) Someterse ás actuacións de control e comprobación financeira que exercerá o Concello.
- d) Comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actividades obxecto deste convenio según o estipulado no artigo 46 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- e) Dispoñer de cantos seguros sexan necesarios para a cobertura nas óptimas condicións de todas as persoas participantes nas accións (usuarias, traballadoras, colaboradoras,...). Serán por conta do beneficiario, non podendo, en ningún caso, imputarse á subvención obxecto deste convenio.
- f) Acreditar que se atopa ó corrente coas súas obrigas tributarias (Estado, CCAA e Concello de Arteixo) e coa Seguridade Social. No caso de que a ANPA asine autorización expresa, o Concello de Arteixo poderá obter as certificacións acreditativas dos organismos públicos cos que ten convenio de colaboración para intercambio de información que sexan necesario e tramitará de oficio as municipais e as provinciais.
- g) Facer constar, de xeito claro e fidedigno, que os servizos obxecto do presente convenio están cofinanciados polo Concello de Arteixo
- h) Colaborar co Concello de Arteixo para o uso compartido de espazos e medios das zonas donde se desenvolve o comedor escolar para a execución de actividades pola entidade. Esta colaboración queda supeditada aos horarios regulares dos servizos de conciliación.

TERCEIRA: Obrigas do Concello

O Concello de Arteixo comprométese á aportación de 2.500,00 € con cargo ao orzamento municipal que se abonarán unha vez achegada xustificación polo total do gasto executado nas condicións indicadas neste convenio (cláusula quinta). Abonarase a contía resultante da aprobación da conta xustificativa co límite que se indica como aportación no presente convenio.

CUARTA: Gastos sufragables

Os gastos sufragables serán os seguintes:

Os derivados da prestación do servizo de comedor en calquera dos horarios especificados ao efecto (almorzo, xantar e merenda) incluíndose os períodos de tempo libre anterior e posterior de estancia das persoas usuarias do servizo. Para maior concreción, o servizo deberá incluír, como mínimo, as seguintes tarefas: acompañamento e coidado dos menores asistentes ós servizos de comedor, apoio no servizo de comidas, colaboración na dinamización dos grupos, hixiene antes e despois dos servizos, mantemento da orde e seguridade no período de tempo da súa responsabilidade e outras tarefas relacionadas co servizo financiado.

Poderán incluírse os gastos executados no ano 2023 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2023).

Entenderanse como gastos incluíbles aqueles que respondan exactamente á natureza das accións subvencionadas e que resulten estrictamente necesarios. En todo caso, non se poderán imputar a dita subvención os gastos derivados das obrigas das empresas que executan o servizo. Os gastos deberán adaptarse aos prezos e servizos do mercado. O incumprimento desta premisa poderá invalidar a conta xustificativa.

En cumprimento do criterio de contención do gasto e optimización dos custos, a entidade municipal estipula como criterio determinante para o mantemento do presente convenio o número de persoas usuarias receptoras dos servizos que será como mínimo de 10 participantes no total de servizos diarios. No caso de que non concorra esta circunstancia, a entidade financiada asumirá pola súa conta e risco os gastos derivados do servizo.

En atención ás diferencias no número de alumnos totais matriculados e ás especificidades económicas e sociofamiliares de cada zona de incidencia dos centros de ensino, a comisión de seguemento poderá facer excepcións debidamente fundamentadas, con elevación da proposta ó órgano municipal competente para que sexa éste o que aprobe a pertinencia do carácter extraordinario que xustifique o mantemento da axuda.

QUINTA: Xustificación

Para o cobro da subvención concedida, será requisito imprescindible a presentación previa da conta xustificativa que terá o seguinte contido mínimo:

- a) Memoria das accións realizadas imputadas a esta subvención, incluíndo nº de persoas usuarias atendidas en cada un dos servizos/actuacións implantados, xustificación dos importes, procedencia e aplicación dos fondos (cotas, axudas ou subvencións, taxas).

- b) Documentos acreditativos dos gastos imputados (facturas, contratos,...) que deberá concretar conceptos abonados (definición, prezos unitarios,...) e dos pagos efectuados.
- c) Relación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma finalidade, indicando o importe e a procedencia ou, no seu caso, declaración de que no se obtivo ningunha outra axuda para o mesmo fin.
- d) Declaración de ter cumprida a finalidade para a que foi concedida a axuda.
- e) Acreditar que se atopa ó corrente coas súas obrigas tributarias (Estado, CCAA e Concello de Arteixo) e coa Seguridade Social. No caso de que a ANPA asine autorización expresa, o Concello de Arteixo poderá obter as certificacións acreditativas dos organismos públicos cos que ten convenio de colaboración para intercambio de información que sexan necesario e tramitará de oficio as municipais.

O prazo para presentar esta conta xustificativa rematará o 31 de xaneiro de 2024. En todo caso, non se contempla a posibilidade de prórroga para proceder á xustificación por ser esta unha subvención finalista.

Son imputables os gastos correspondentes á anualidade 2023 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2023).

SEXTA: Pagamento

Comprobada e aprobada a conta xustificativa, o Concello procederá ao pagamento da contía, mediante transferencia bancaria á conta do beneficiario.

No caso de que a concorrencia de subvencións supere ó 100% do gasto total, procederase ao reaxuste do pago da subvención na contía que corresponda.

SÉTIMA: Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Transcurso do prazo estipulado no presente documento como duración do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes manifestado por escrito.
- Calquera incumprimento das condicións deste convenio e, supletoriamente, do estipulado na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións
- As demais causas previstas legal ou regulamentariamente.

OITAVA: Comisión de seguemento

A efectos de seguemento e interpretación do contido e actuacións obxecto deste Convenio, ambas entidades constituirán unha Comisión de Seguemento integrada polos seguintes membros:

- Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación ou persoa na que delegue. Exercerá a Presidencia desta Comisión.
- Presidente/a da ANPA ou persoa na que delegue.
- Secretario/a ou Tesoureiro/a da ANPA ou persoa na que delegue.
- Técnico/a municipal designado ao efecto.
- Secretario Xeral ou persoa na que delegue que exercerá as funcións de Secretario da Comisión.

- Cando a situación o requira, previa convocatoria por escrito xustificando a idoneidade da súa presenza, poderá convocarse ao Interventor Municipal ou persoa na que delegue.

Das reunións que se manteñan, levantarase acta que se asinará polos membros.

As reunións celebraranse previa convocatoria pola Presidencia por iniciativa propia ou a petición de calquera das partes, formalizada por escrito con entrada no Rexistro Xeral do Concello. En todo caso, convocarase con corenta e oito horas de antelación á celebración da reunión con orde do día definida.

NOVENA: Vixencia

O presente convenio formalízase coa sinatura das partes tendo vixencia ata 31 de decembro de 2023. Deberá formalizarse novo convenio para sucesivas colaboracións.

ASINADO DIXITALMENTE:

INÉS RAMOS ÁLVAREZ – Concelleira Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

PABLO MARIÑO VARELA – Presidente ANPA Barrionovo

JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA - Secretario Xeral